



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **12 de novembro de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

2.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA DESIGNACIÓN DE NOVO REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO. EXP-TE. 54/112.

Dáse conta da proposta do alcalde-presidente, de data 11.11.2015, de designación de representante no Consello Social da Universidade de Vigo, que di o seguinte:

"A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 20/07/2015, por proposta desta Alcaldía-Presidencia do 20/07/2015, acordou, entre outros, designar á concelleira-delegada da área de Educación, D^a Olga Alonso Suárez, como representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Examinada novamente a estrutura organizativa do Concello, esta Alcaldía ve conveniente designar, no canto da antedita concelleira-delegada, a D. XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ, como representante do Concello no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE VIGO; polo que, ao abeiro do sinalado no art. 127 m, da Lei, 7/1985, reguladora das bases do réxime local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta.

Primeiro.- Deixar sen efecto o apartado oitavo do acordo da Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria e urxente do 20/07/2015, de nomeamento da concelleira-delegada da Área de Educación, D^a Olga Alonso Suárez, como representante do Concello de Vigo no Consello Social da Universidade de Vigo.

Segundo.- Designar a D. XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ, representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo á concelleira-delegada de Educación, a D. Xulio Calviño Rodríguez e ao Consello Social da Universidade de Vigo.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 09 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno."

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a doce de novembro do ano dous mil quince.

CCAA/15



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.